

¡TODOS Á FOLGA XERAL O 29-S!

¡Non ó despedimento más fácil e barato, non ós recortes salariais, non ó atraso da idade de xubilación!

¡Basta de concesións á banca e á patronal!

O goberno do PSOE, cedendo ás esixencias da gran banca e a CEOE, aprobou en xullo un decreto de reforma laboral que é unha auténtica declaración de guerra ós traballadores. O decreto abarata e facilita o despedimento. Así, os empresarios terán absoluta liberdade para laminar plantillas e impoñer un réxime de terror nas empresas. Ademais, a reforma permite, a través da xeneralización das cláusulas de descolgue, que as empresas violen os convenios, deixando aberta a vía para debilitar a negociación colectiva. Por se isto fose pouco, a reforma laboral foi endurecida tralo seu paso polo Senado este verán, dando un primeiro paso para obrigar ós parados a aceptar calquera curso ou calquera traballo que se lles ofrezca, baixo a ameaza de perder o subsidio de desemprego.

As consecuencias de aceptar a lóxica do capitalismo

A reforma laboral forma parte dunha batería de ataques que se foi concretando ó longo deste ano: recortes salariais dos empregados públicos, redución dos gastos sociais en educación e sanidade, anuncio da reforma das pensións, coa ampliación da idade de xubilación aos 67 anos e do cómputo de anos para calcular a pensión... Medidas coas que as familias traballadoras sufriremos un retroceso histórico nas nosas condicións de vida e traballo.

¿E todo iso a cambio de que? A cambio dunha promesa de que, nun futuro incerto, a economía española volverá medrar sobre bases "máis sas" e "todos" sairemos beneficiados. Pero cando a economía medraba e as empresas obtiñan beneficios obscenos que aumentaban cada ano, os salarios reais descendieron e a precariedade disparouse, o cal non evitou a crise. Nestes momentos, a cifra de desempregados achégase ós cinco millóns, e a taxa de desemprego xuvenil supera o 40%. Hai máis dun millón de fogares con todos os seus membros no paro. E dos que conservan o emprego, máis de 4 millóns de traballadores teñen contratos temporais e 11 millóns, cerca do 60% da forza laboral total, cobra menos de 1.000 euros ó mes. Pretenden recortar aínda máis as pensións, pero o 68% dos 8'2 millóns de pensionistas teñen unha paga anual que non chega ó salario mínimo.

O goberno e a patronal argumentan que estes recortes son necesarios porque o gasto público é "insostible", e que son equitativos porque todos debemos facer sacrificios. Pero nin son necesarios, nin moito menos equitativos. Despois de que o gober-



no gastase cerca de 150.000 millóns dos cartos públicos para salvar os bancos (e pagar máis de 24.000 millóns anuais en intereses pola débeda pública) e de que, ano tras ano, o Estado deixe de recadar miles de millóns de euros polas constantes rebaixas de impostos ós empresarios e ás grandes fortunas, en 2009 as rendas salariais caeron o triplo que as empresariais. O ano pasado, os sete grandes bancos e caixas obtiveron beneficios netos por valor de 17.000 millóns de euros, e as retribucións dos conselleiros e directivos das grandes empresas do Ibex-35 medraron o 19'1%, acadando unha media de 989.000 € anuais. Con estas cifras na man, ¡isto é un engano monumental! O único que pretenden con estas medidas é garantir que o diñeiro público siga fluíndo sen problemas ós petos dos empresarios e os banqueiros.

Os gobernos que aceptan a lóxica do capitalismo acaban pregándose inevitablemente ás presións das grandes empresas e da gran banca (os chamados "mercados") e aplicando os seus ditados. O goberno de Zapatero, que foi elixido en 2004 e 2008 co apoio de millóns de traballadores e mozos, cedeu a esta lóxica con tal convencemento, que incluso afirmou que non lle importa perder as eleccións, é dicir, ¡que non lle importa favorecer a volta do PP ó goberno!

Esta loita pódese gañar

A crise capitalista iniciouse hai tres anos, golpeando duramente ós traballadores. En vez de dar, desde o primeiro momento, unha resposta contundente ós EREs, ós despedimentos masivos que dispararon o desemprego a cifras históricas e ós recortes sociais, as direccións de UGT e CCOO, erroneamente, apostaron por continuar a política de paz social cos empresarios e o goberno. Supúñase que esa era a forma “realista” de lograr que a burguesía e o goberno non cruzasen determinadas “liñas vermelhas”. ¡Pero cruzáronas, e de que maneira! Coa convocatoria da folga xeral, os dirixentes de CCOO e UXT empezaron a comprender a extrema gravidade da situación.

A pesar da dureza dos ataques e do empeño da burguesía en impoñelos, os traballadores temos forza para frealos. **O fundamental agora é que o 29-S sexa un éxito.** A folga xeral vai enfrontar a unha campaña brutal desde os medios de comunicación burgueses, que buscarán non só facela fracasar, senón desprestixiar ante os traballadores a idea mesma de organizarnos en sindicatos de clase para loitar polos nosos intereses. Por iso, para que a folga xeral sexa apoiada masivamente, é imprescindible que os dirixentes de CCOO e UGT defendan con claridade y rotundidade a retirada de todos os ataques aprobados e de todas as novas medidas anunciadas, abandoando calquera expectativa no chamado diálogo social, tanto en relación coa reforma das pensións como en calquera outro terreo. Outro aspecto fundamental para o éxito da folga xeral é que CCOO, UGT e CIG convoquen asembleas participativas e democráticas en todos os centros de traballo, para que os traballadores poidan opinar e decidir sobre as reivindicacións e os pasos a dar. Hai que nomear comités de folga, con membros elixibles e revocables, e coordinar estes comités a escala local, autonómica e estatal, para dar forza e consistencia a un movemento que inevitablemente terá que continuar despois do 29 de setembro. O 29-S non pode ser o punto e final, senón o principio dunha loita cada vez máis ampla e organizada. Toda a clase obreira europea está sendo atacada. O día 29 haberá folgas xerais e parciais en varios países. Os sindicatos europeos deben propoñer como seguinte paso na mobilización unha folga xeral unificada de 24 horas en toda Europa.

Pola unidade sindical

Os marxistas pensamos que todas as conquistas dos traballadores se conseguen coa loita e a mobilización. Por iso pensamos que a política de paz social dos últimos anos foi un erro. A folga xeral ten que saír ben. E un factor que contribúe moito ó éxito das loitas dos traballadores é a unidade sindical. A CIG, correctamente, está convocando o 29-S. Pero ese día tamén debería convocar manifestacións unitarias con CCOO e UGT. Os dirixentes da CIG din que convocan manifestacións separadas porque teñen un modelo sindical distinto. Desde o noso punto de vista, é perfectamente posible manter a unidade de acción na loita ó mesmo tempo que se defenden posicións sindicais e políticas diferentes. De feito, as diferencias de modelo entre CIG e UGT-CCOO xa existían no ano 2002 e non impediron que a folga xeral do 20 de xuño daquel ano contra unha reforma laboral do PP fose unitaria.

Unha convocatoria realmente unitaria daría un enorme impulso á folga xeral porque fortalecería a unidade da clase obreira, dándolle máis confianza e ánimo para afrontar a unha loita que vai ser moi dura e que terá que continuar. A desunión sindi-

cal resta forza ó conxunto dos traballadores, o cal non beneficia a ninguén. CCOO, UGT e CIG deben organizar unha fronte única de traballadores, na que, por suposto, cada sindicato poida participar coas súas ideas, a súa propaganda e o seu discurso nas manifestacións, pero mantendo sempre a unidade de acción.

Por unha alternativa socialista

Temos que defender os empregos, loitar contra o paro e manter o gasto social, temos que seguir reivindicando melloras para a clase obreira. Pero a única maneira de encontrar unha solución definitiva ós problemas que padecemos é acabando co control asfixiante que os banqueiros, os empresarios e os grandes monopolios exercen sobre a sociedade. Hai que garantir que os recursos económicos, a tecnoloxía e a ciencia estean ao servizo da maioría da poboación, e non subordinados ó máximo beneficio dunha pequena minoría de parasitos. A crise do capitalismo non se pode resolver con máis capitalismo, teña o rostro que teña. O problema é o sistema. O capitalismo está enfermo e hai que opoñerlle a loita por unha sociedade socialista, sen propiedade privada dos medios de produción, onde a clase obreira planifique democraticamente as enormes riquezas que existen en beneficio de todos. O que os traballadores e a mocidade necesitan é emprego, igualdade e auténtica democracia, e isto só será posible co socialismo. ¡Únete á corrente marxista EL MILITANTE para loitar pola transformación da sociedade!

Si hai unha alternativa á crise capitalista e ós ataques do goberno

Retirada inmediata de tódolos plans de ataque contra a clase obreira:

- Nin despedimento barato, nin conxelación salarial, nin reforma das pensións, nin recortes orzamentarios en sanidade, ensino ou prestacións sociais.

Plan urxente contra o paro e o deterioro das prestacións sociais:

- Subsidio de desemprego indefinido de 1.100 €/mes.
- Redución da xornada laboral a 35 horas semanais sen redución salarial.
- Nacionalización baixo control obreiro de tódalas empresas en crise.
- Aumento drástico do gasto en sanidade, ensino e prestacións sociais públicas.
- Inicio dun plan económico para crear emprego (investimentos en infraestruturas, servizos sociais e outras industrias) non baseado nos intereses dos capitalistas, senón nos intereses da maioría.

Os cartos públicos ó servizo da maioría, non dos banqueiros e empresarios

- Incremento drástico dos impostos ás grandes fortunas, os beneficios empresariais e á banca. Combater a fraude fiscal e a fuga de capitais coa confiscación do patrimonio e as contas bancarias dos ricos implicados.
- Nacionalización da banca baixo o control democrático dos traballadores e das súas organizacións.

Confluencia da loita dos traballadores de toda Europa coa preparación dunha folga xeral europea

¡Participa nos piquetes e nas manifestacións!

Compostela: 679 500 266 • Coruña: 600 810 516 • Ferrol: 626 746 950 • Vigo: 636 217 248

www.elmilitante.net • elmilitante@elmilitante.net